

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E MANTEMENTO, DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN AO PEREGRINO, E DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS**

En virtude deste Convenio defínense os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os Concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, o Pino, Portomarín, Samos, Sarria, Triacastela para as seguintes liñas de actuacións:

- Mellora da infraestructuras e bens do Camiño Francés no seu paso polos citados concellos para prestar unha boa acollida aos/ás peregrinos/as( obras de conservación e reposición por razón de urxencia; obras de mellora do Camiño e a súa contorna, como establecemento e dotación de áres de descanso...)
- Axuda da Axencia Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para a atención aos/as peregrinos/as, tales como iluminación pública, recollida de lixos...
- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo(folletos, publicacións....) así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.
- Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as.

